



## “Os que nos gobernan son uns nostálxicos das partes máis sinistras do século XX”

[Alberto Ramos](#) 26, xuño 2013

**“Unha novela de novelas, un baúl de historias que denotan, ante todo, unha prodixiosa capacidade para fabular, para recrear, para imaxinar”.** Con estas palabras o xurado do Premio Xerais definía *Cadeas*, a novela coa que Xabier López López (Bergondo, 1974) podía unir o galardón desta editorial á longa nómina de recoñecementos que atesoura. Ao Vicente Risco, ao Lueiro Rey, ao García Barros e ao Premio da Crítica únese neste 2013 o Xerais, cunha novela que nace dunha pregunta que, seguramente, todos os narradores se formularon algunha vez: *Quen nos le?* Ese é o punto de partida desta historia de historias, na que o protagonista, un escritor como calquera outro, vive o momento absurdo e desexado de descubrir, nunha praia, a unha lectora co seu último libro nas mans. A partir de aí, crece a novela *Cadeas*, enfiando pequenas novelas no seu interior e todas conectadas coma os elos, precisamente, dunha cadea.

**De entrada, unha pregunta tónica. Que significa gañar o Xerais nesta trixésima edición? E, sobre todo, para un autor que xa gañou un bo número de premios literarios.**

Imaxino que todo o mundo dirá o mesmo, pero a verdade é que é un orgullo. Sobre todo por iso que dis, que non deixa de ser unha casualidade; mais que se xunte o teu nome cunha cifra tan redonda como é a trixésima, pois parece que lle dá aínda máis prestixio. Por outra banda, é certo que eu xa teño outros premios gañados, pero cada un deles ten a súa singularidade e, sobre todo, o seu tempo. O último premio que acadara fora en 2003 e, dende aquela, pasou unha década e pasaron moitas cousas, tanto na miña vida como para todo o mundo. E vense doutra maneira, claro está.

**O xurado destacou que *Cadeas* é unha “novela de novelas”. A que se refiren con esta etiqueta?**

Ten que ver coa propia estrutura da historia. O libro titúlase *Cadeas* por dúas cuestións. A primeira vén dada pola forma, porque son varias historias, pequenas novelas, encadeadas. A segunda, agroma do fondo, porque todas están vencelladas con relacións de submisión, de poder, de dominación e de violencia, elemento consubstancial a un século tan besta como foi o XX. O título fai referencia a esas dimensións e as novelas que hai dentro da propia novela, son historias enganchadas entre si, representan aos varios elos dunha mesma cadea.

**Na entrega do Xerais comentouse tamén que o libro lle pega un bo percorrido ao século XX. Como definiría vostede, e tras escribir estas *Cadeas*, ese século do que xa dixo que foi “brutal”?**

É un século, evidentemente, de luces e de sombras, como calquera das nosas vidas. Pero, sobre todo, foi un século atravesado por guerras violentísimas, por dúas guerras mundiais e por outras, moi cruentas, que nunca recibiron ese termo de “mundiais.” E no libro... O primeiro que hai que dicir do libro é que a novela parte dunha reflexión, que é a busca do lector perdido. O protagonista é un escritor que atopa fisicamente a alguén lendo un libro seu e constata así unha pregunta que nos facemos todos os autores: E quen nos le? Iso pode sabelo, máis ou menos Manuel Rivas [Ri], pero non moitos máis. E este escritor ten a sorte de responder a pregunta. Esa busca do lector perdido dá pé a unha reflexión do escritor sobre o que é unha novela e as relacións da novela coa realidade. De feito, ten moito diso do que falaba Stendhal: o espello ao longo do camiño. A raíz desas cuestións, arrinca o texto e, a partir de aí, van emerxendo diversas historias, focalizadas dende os naufraxios de finais do século XIX na Costa da Morte até, nese mesmo espazo, unha historia de iniciación adolescente de finais dos oitenta ou comezos dos noventa, cuxo pano de fondo son os veraneantes madrileños que visitan as nosas vilas e que suscitaban unha fascinación terrible, que chegaba ao punto de que cambiaba as pautas e os comportamentos da xente. Producíase ese fenómeno que lle importan tanto aos galegos: Ser bos anfitrións por riba de calquera cousa, até o punto de renunciar a nosa lingua.

Entre eses dous elementos temporais, o naufraxio no século XIX e o turismo de finais dos oitenta, hai un século polo medio. E aí van xurdindo unha historia da Guerra de Cuba, outra do servizo militar en Marrocos, mesmo outra sobre un campo de concentración en Alemaña; todos elementos históricos que, directa ou indirectamente, afectáronos ao longo dese século.

Así créanse dous niveis de lectura ao longo de *Cadeas*. Un que pode servir para que un lector se contente con ler as diferentes novelas e outro nivel de lectura, para lectores máis activos -que o que deberíamos ter a estas alturas- que realiza o percorrido máis amplo dunha lectura global e que sexa capaz de rematar de escribir, el mesmo, a historia.

**O xurado destacou tamén o exercicio estilístico ao longo da novela. É dicir, os xeitos moi diferentes cos que se contaban cada unha desas novelas dentro da novela. Imaxino que foi un arduo traballo estilístico...**

A forza, a poética da novela, arrinca das reflexións que fixera hai tempo, cando publicara un libro de relatos, *Os libros prestados*. Publicáralo Galaxia e por aquel entón, no seu blog, os autores realizabamos unha serie de reflexións ao redor do noso propio libro nunha serie de varios días. Nesa serie, eu reflexionaba sobre se ese libro, *Os libros prestados*, era realmente o meu primeiro libro de relatos ou non. Reflexionaba, nese sentido, que nas novelas que publicara até ese momento había narracións autónomas que podían estar desligadas da historia central, cousa que pasa moito na novelística canónica. Entón chegaba a me preguntar se a nosa vida poderíase explicar como unha suma de relatos. E aí, afondando nesa idea que tampouco é moi orixinal, e sumando a outras consideracións, chegamos a unha evidencia moi simple: nós somos protagonistas das nosas vidas e secundaria na de outros. E, por suposto, ao longo das nosas vidas, atopámonos con personaxes que entran e saen, como dunha novela, e tamén vemos como nos manexamos en diferentes rexistros, dependendo das circunstancias. De todo iso, xorde este xeito de contar a novela, como unha especie de laboratorio, porque as historias pódense contar de formas moi diferentes. Polo tanto, buscouse unha gran variedade estilística e, tamén, con moito contrapunto.

**As historias que se contan dentro desta novela *Cadeas* teñen autonomía entre si ou só se poden ler de forma conxunta? E, nese sentido, que se escribiu antes: o conxunto da**

**historias ou o fio condutor, a historia dese escritor que se atopa co lector perdido? Ou todo ao tempo?**

É un conxunto e hai que lelo como tal. A novela, como calquera outra novela, ten varias reescrituras por riba, houbo momentos de revisión, de recurtar por algunhas partes, incluír historias que ao principio non estaban ou que despois, estando, considerei que sobaban. Iso pasa en todas as obras, sexan da natureza que sexan. Eo longo da escrita, pois hai cambios de perspectiva ou de opinión, non de terceiros, senón de un mesmo. É un conxunto e a idea a que quixen chegar estivo sempre presente, aínda que houbo moitas escritas polo medio.

**Para facer un percorrido polo século XX, fariase unha selección de temas ou historias. Por que aparecen no libro as que están e non outras?**

Iso é difícil de contestar. A ver, hai temas que xorden e non sabes o porqué, que están aí, dando voltas e despois hai outros que abrollan de forma diferente. A ver, cando se fai este percorrido do século XX, xógase moito con esa idea que dixemos de protagonistas e actores secundarios, tanto dende o punto de vista de individuos coma de colectivos. Moitas veces estamos afeitos a vernos como secundarios e, de feito, somos secundarios na medida en que somos unha nación sen estado. E non falo só de política, senón da historia universal. Eramos secundarios, viámonos como secundarios... pero afectounos todo como pobo. Por outra banda, moitas cousas que vivimos hoxe, realmente explícanse dentro do que aconteceu no século XX... De feito, hai quen diría que o século XX aínda non rematou, pero ese é outro debate...

Hai feitos que a min me chaman moita atención, non? Por exemplo, e esta é unha historia curtiña que aparece no libro, a morte do *Piloto*, o derradeiro maquis, que mataron en Galicia en 1965. Nesa historia, hai un material narrativo tremendo. Porque cando falamos dos maquis, retrocedemos mentalmente á posguerra máis inmediata, aos comezos dos corenta. Pero non é así, até 1965 houbo xente no monte. E cal era a banda sonora dese 1965? Pois os Beatles. Os Beatles ou os Rolling Stones soaban ao mesmo tempo que mataban o *Piloto*. Iso crea un contraste tremendo, polo menos, a min, chócame moitísimo. E ao mesmo tempo que matan o *Piloto*, está aí a Guerra de Vietnam... É dicir, hai grandes episodios do século XX no que acostumamos ter un papel secundario e realmente poderíamos ter un protagónico. E entre esas ideas, vas enganando unha historia con outra. Aí vemos ese dobre percorrido do que falamos, de como é a historia universal e de como nós imos asomándonos en pequenos episodios. E non podemos perder de vista unha idea ben clara: nós somos suxeitos históricos.

**A Xabier López pasoulle iso de atoparse a unha lectora cun libro seu na praia?**

Non, non o atopei. Pero esa é unha pregunta que sempre me fixen: Quen nos le? E a resposta é que xente do máis insospeitada. De feito, a novela fai un pouco de broma con ese asunto, porque os lectores que se atopa o protagonista son unha muller e o seu marido. Estes dous convídano a cear a súa casa. Cando os atopa na praia, a situación cáusalle moita estrañeza e cando os coñece máis polo miúdo, a estrañeza aumenta, porque non eran o que el tiña pensado. Decátase de que eses lectores non son os lectores tipo que tiña na cabeza. En realidade, todo o contrario... Non se chega a dicir que sexan do Opus, pero case [risos].

**Como sería *Cadeas* se, en vez de percorrer o século XX, intentase retratar os comezos deste século XXI? Que contarías a novela nese suposto?**

Non hai que ir moi lonxe para iso, xa que os que nos están gobernando son uns nostáxicos das partes máis sinistras do século XX. Ademais, estamos volvendo cara atrás de forma

impresionante, até tal punto que os meus fillos van ter unha reválida que eu non tiven e que se emparenta directamente coa reválida que si tivo miña nai nos sesenta, cando era moza e estudaba. Entón, parece que estamos nun déjà vu perpetuo ou que hai xente que se resiste a avanzar. E xa non vamos a outro tipo de cuestións, de Guerras Mundiais porque... Mira, a verdade, un dos logros que tiña que ter ese século XX, era crear unha organización de nacións que puidese evitar que as guerras se repetisen dese xeito e, a verdade, o fracaso do século XX é que todos eses instrumentos creados para tal fin, simplemente, fracasaron.

### **Todo iso fracasou no século XX?**

En realidade, moitas cousas veñen fracasando dende a Revolución Francesa e o seu caldo de cultivo anterior, o século das luces. Nesa época, a convicción de occidente era que grazas á educación e ao progreso, desterraríamos o escurantismo e a humanidade ía vivir máis feliz. E ao final... Os fracasos repítense e van pasando os anos e eu vexo cada vez máis difícil que os meus fillos vaian vivir mellor ou máis felices ca min... Máis ben, será todo o contrario. En realidade, estamos a volver para atrás. É dicir, esa expresión que escoitamos tanto pola rúa, polo menos na miña contorna, de que imos cara a atrás, é bastante clarificadora.

**Unha última pregunta. Na situación actual que vive o sistema editorial, os premios literarios resultan o camiño máis seguro para publicar? É dicir, que os selos arrisquen en autores novos ou en novas experiencias resultará difícil nestes tempos, non?**

Sería inxusto que eu me queixase. Eu teño moita obra publicada sen premio e, por iso, non sería xusto que me laiase. Agora ben, eu sei que era iso de ser novo e recibir “nons”. E os primeiros “nons” doen moito. O día da entrega do premio en San Simón, xa dixera que valorara a decisión do xurado nun momento en que as editoras van atender, case unicamente, ao conservadorismo máis absoluto... E cando digo conservadorismo refírome, claro está, a tendencia a publicar o que saben que pode ser rendible de antemán. Non podemos esquecer, como case sempre fai a Xunta, que as industrias culturais son industrias e que as editoras son empresas, seguramente dirixida por xente tola porque nin agora nin antes este era o negocio do século, non? [Risos] Pero son empresas. Por iso van tender a buscar títulos máis conservadores e ir sobre seguro. O risco vai quedar arredado. E o risco e o buscar cousas novas son realmente os motores dun sistema literario. E os premios acaban xogando moito coas complicidades entre xurados e editoriais. Os xurados, e non falo deste en concreto, senón doutros que pode haber por aí, moitas veces acaban actuando como se fosen un comité de lectura dunha editorial e aplican os criterios editoriais. E un xurado debe ser outra cousa, debe premiar unha obra literaria. O risco e ambición ten que estar presente e os xurados teñen que premiar todo iso.